

MATEMÁTICAS

- Pág. 124 ej. 6, 7, 8 y 9. (Poner la fecha).


Repaso interactivo del sistema de numeración:

- http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/41009470/helvia/aula/archivos/repositorio/0/199/html/datos/05_rdi/U01/unidad01.htm

REPASO TRIMESTRAL

Números

- Escribe con cifras y con letras los números representados.



- Con estas cifras forma el mayor número impar de cinco cifras:

1 2 5 4 9

- ¿Qué valor tiene la cifra 3 en cada uno de estos números?

a) 8683 b) 3500 c) 6310 d) 34890

- Descompón como en el ejemplo.

$$29\,408 = \begin{cases} 2 \text{ DM} + 9 \text{ UM} + 4 \text{ C} + 8 \text{ U} \\ 20\,000 + 9\,000 + 400 + 8 \end{cases}$$

a) 75304 b) 69050 c) 30607

- Copia y escribe en tu cuaderno $< o >$, según corresponda.

- a) 3275 $\bigcirc$ $3\,000 + 200 + 50 + 7$
 b) 4096 $\bigcirc$ $4\,000 + 900 + 6$
 c) 8282 $\bigcirc$ $8 \text{ UM} + 8 \text{ C} + 2 \text{ D} + 2 \text{ U}$
 d) 6409 $\bigcirc$ $6 \text{ UM} + 4 \text{ D} + 9 \text{ U}$

- ¿Cuál de estas cantidades es la más próxima a 3780?:

3600 - 3700 - 3800 - 3900

- ¿A qué unidad de millar aproximarías el número 6968? ¿Por qué?

- Aproxima estos números a la centena más próxima:

a) 1789 b) 2095 c) 3616 d) 4395

- Utilizando una sola vez cada una de las cifras 1, 3, 5 y 9, escribe:

- a) El número más cercano a 1900.
 b) Un número superior a 9400.
 c) El mayor número comprendido entre 1400 y 1600.

Operaciones

- Halla el valor de las cifras que faltan.

$$\begin{array}{r} \square 2 0 \\ 5 6 \square \\ + 7 9 \\ \hline 9 \square 2 \end{array} \quad \begin{array}{r} 4 \square 9 3 \\ 6 8 \square \\ + 2 5 \square 9 \\ \hline \square 5 2 8 \end{array} \quad \begin{array}{r} \square 5 0 7 \\ 4 2 \square \\ + \square 3 7 \\ \hline 4 1 \square 9 \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 7 \square 1 \\ - 4 8 6 \\ \hline \square 3 \square \end{array} \quad \begin{array}{r} 5 0 2 \square \\ - \square 4 7 \\ \hline \square 0 7 9 \end{array} \quad \begin{array}{r} 1 \square \square 0 \\ - 8 3 \square \\ \hline 1 6 5 \end{array}$$

- Copia y completa en tu cuaderno.

- a) $745 + \dots = 320 + 745$
 b) $\dots + 1405 = 1405 + 5630$

- Realiza en tu cuaderno:

$$\begin{array}{r} 2 3 4 \\ \times 2 3 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 3 1 3 \\ \times 3 4 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 4 2 1 \\ \times 4 5 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 6 2 3 \\ \times 1 4 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 5 2 5 \\ \times 3 3 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 4 4 6 \\ \times 2 7 \\ \hline \end{array}$$

LINGUA GALEGA

- Ler con atención os pés das ilustracións e o cadro azul.
- **Estudar os pronomes persoais.** (Fíxate nos que levan acento gráfico que son: nós e vós).
- Páx. 148 ex. 1, 2 (copia o texto coa mellor letra que teñas), e 3.

Repaso interactivo pronomes persoais:

- <http://replgalega3.webcindario.com/02-8.htm>

Os pronomes persoais

GRAMÁTICA



Eu chámome Trigidia.



Ti de onde saes?



El e ela son meus pais.

Observa as palabras destacadas: son **pronomes persoais**.

Os **pronomes persoais** son palabras que utilizamos para referirnos ás persoas sen nomealas. As súas formas son: **eu, ti, el, ela, nós, vós, eles, elas**.

1 Completa o cadro cos pronomes persoais que faltan:

	Singular	Plural
1.ª persoa	...	nós
2.ª persoa	ti	...
3.ª persoa	.../ela	eles/...

2 Subliña os pronomes persoais que atopes neste texto:

Eu tamén estaba namorado de Trigidia, pero ela non me facía caso. Ti ben sabes que a rapaza era moi especial. O trigo, o campo, a terra, os elementos da natureza... todos eles formaban parte do seu mundo. Ninguén máis.

3 Completa co pronome adecuado:

- ... sempre sodes os primeiros en chegar.
- Déixaa tranquila; ... prefire estar soa.
- ... volvo á casa no autobús.
- ... veremos a película que elixan ...
- ... coleccionas cromos?
- ... chámase Xián, é o meu amigo.
- Vou con ..., que queren comprar flores.



Nós lemos o conto.



Vós escoitades.



Eles xa me coñecen.

CIENCIAS SOCIAIS

- Ler o texto. Fixarse no “Saber máis” (abaixo á esquerda)
- Actividades 1, 2 e 3.

A poboación de aldeas, vilas e cidades

As persoas viven agrupadas en localidades: aldeas, vilas ou cidades. As persoas que viven nunha localidade son os seus **habitantes** e forman a súa **poboación**. Segundo sexa a localidade en que vivan, a poboación pode ser rural ou urbana.

- A **poboación rural** é o conxunto de persoas que viven nas aldeas.
- A **poboación urbana** é o conxunto de persoas que viven nas cidades e nas vilas. ¹

A poboación clasifícase en poboación rural, se vive en aldeas, e poboación urbana, se vive en vilas ou cidades.



¹ Rúa peonil da cidade de Ourense.

Os grupos de poboación

Nunha localidade viven persoas de diferentes idades. Segundo a idade que teñan os habitantes, distínguense tres grupos: poboación nova, poboación adulta e poboación anciá.

- A **poboación nova** son as persoas que teñen menos de 15 anos. ²
- A **poboación adulta** son as persoas que teñen entre 15 e 65 anos.
- A **poboación anciá** son as persoas que teñen máis de 65 anos.

A poboación clasifícase en tres grupos de idade: nova, adulta e anciá.




² Unhas nenas xogan nunha praza de Pontevedra.

SABER MÁIS

O envellecemento da poboación galega

Galicia ten unha das poboacións máis vellas de Europa. Vinte e tres de cada cen galegos teñen máis de 65 anos. Ou sexa, case un de cada catro galegos está en idade de xubilación. Pola contra, só trece de cada cen galegos forma parte da poboación nova.



A poboación cambia

Ao longo dun ano a poboación dun lugar pode variar. ³

Para saber se a poboación aumenta ou diminúe, hai que coñecer dous datos:

- A **natalidade**, que é o número de nenos e nenas que nacen nun ano.
- A **mortalidade**, que é o número de persoas que morren nun ano.

Se nacen máis persoas das que morren, a poboación aumenta. Se morren máis persoas das que nacen, a poboación diminúe.


As persoas cambian de localidade

Ademais, nunha localidade hai persoas que non sempre viviron alí, senón que chegaron desde outros lugares.

- Os **inmigrantes** son as persoas que chegan a unha localidade para viviren nela.
- Os **emigrantes** son as persoas que se van dunha localidade para viviren noutra.

A poboación aumenta cando hai máis inmigrantes ca emigrantes e diminúe cando hai máis emigrantes ca inmigrantes.

A poboación dun lugar aumenta pola natalidade e a inmigración e diminúe pola mortalidade e a emigración.



³ Gráfico dos cambios da poboación.

ACTIVIDADES

- ¹ Que é a poboación? En que grupos se divide a poboación segundo a idade das persoas?
- ² Observa o gráfico e explica cando aumenta a poboación dun lugar e cando diminúe.
- ³ Na aldea do Vilar había 350 habitantes a principios de ano. Cantos habitantes terá a final de ano se houbo os seguintes cambios na poboación?
 - 22 nacementos
 - 12 mortes
 - 5 inmigrantes
 - 2 emigrantes